



# Grammar

## FUTURE SIMPLE (FUTURO)

### Afirmativa

Suxeito + WILL + Infinitivo sen to

He **will sing**

### Negativa

Suxeito + WILL+ NOT+ Infinitivo sen to

He **will not sing**

He **won't sing**

\* Recorda que a contracción de WILL + NOT é WON 'T

### Interrogativa

WILL + Suxeito + Infinitivo sen to?

**Will he sing?**

### Notas:

\* Tamén se pode utilizar o auxiliar SHALL para a primeira persoa do singular (I) e do plural (we), sobre todo en ofrecementos.

I **shall help** you → Axudareite

We **shall help** you → Axudarémoste

\* A contracción de SHALL + NOT é SHAN 'T

\* Tanto WILL como SHALL se poden contraer a 'LL

I'll **sing** (I **shall/will sing**) → Cantarei

### Este tempo verbal emprégase:

a) Para expresar unha acción que vai acontecer no futuro

They **will have** lunch together at 1 p.m. → Comerán xuntos á unha

b) Para expresar predicións

It 's very cloudy. Tomorrow it **will rain** → Está moi anubrado. Mañá choverá

c) Para facer promesas

I **won't forget** you, I promise → Non te esqueceréi. Prométocho

d) Para facer un ofrecemento

I'll **cook** for you → Cociñarei por ti



## FUTURE CONTINUOUS (FUTURO)

### Afirmativa

Suxeito + WILL + BE+ verbo-ing

He **will be singing**

### Negativa

Suxeito + WILL+ NOT+ BE+ verbo-ing

He **won't be singing**

### Interrogativa

WILL + Sujeito + BE + verbo-ing?

**Will he be singing?**

### Este tempo verbal emprégase:

- a) Para expresar accións que terán lugar nun momento do futuro.

Next Sunday at this time **we'll be lying** on the beach → O próximo domingo a esta hora estaremos tombados na praia.

- b) Para describir accións futuras que foron planeadas con anterioridade ou que forman parte dunha rutina regular.

This time next year **she'll be living** in London → O próximo ano por estas datas ela estará a vivir en Londres.

**I'll be working** at the office, you can call me there → Estarei a traballar na oficina, pódeme chamar alí.



## BE GOING TO

### Afirmativa

Sux + BE GOING TO + infinitivo sen to

He is going to sing

### Negativa

Sux + BE + NOT + GOING TO + inf. sen to

I am not going to sing

### Interrogativa

BE + Sux + GOING TO + inf. sen to?

Are you going to sing?

### Este tempo verbal emprégase:

- a) Para falar de intencións no futuro.

I'm going to learn French → Vou aprender francés

- b) Para falar de plans no futuro.

He's going to buy a new house very soon → Vai comprar unha nova casa moi pronto.

## PRESENTE CONTINUO CON VALOR DE FUTURO

\* O Presente continuo, revisado na Unidade 1, pode utilizarse cos mesmos valores que GOING TO, para plans e citas concertadas

I am singing in the choir next Monday → Vou cantar no coro o próximo luns

I am playing tennis tomorrow → Vou xogar ao tenis mañá

\* Cos verbos 'go' e 'come' é preferible o uso do presente continuo.

I'm going to your party → Vou ir á túa festa

\*I am going to go to your party (Máis inusual)

## Using English

### OMISIÓN DO ARTIGO DETERMINADO



O artigo determinado omítese  
cando falamos de persoas ou  
 cousas en xeral

- \* Lions are dangerous
- \* I like coffee
- \* I don't like music



O artigo determinado é necesario  
cando nos referimos a unha persoa ou  
 cousa en concreto

- \* The lions we saw in the jungle are dangerous
- \* I like the coffee you prepare
- \* I don't like the music of the film

## Pronunciation

### Os sons /æ/, /ɑ:/, /ʌ/

- \* O son /æ/ conséguese intentando colocar os órganos de fonación en posición de pronunciar un 'a', e intentar entón pronunciar un 'e'.

Man	/mæn/
Bag	/bæg/

- \* O son /ɑ:/ conséguese coa boca máis aberta que en galego e coa lingua máis atrasada e cara abaixo.

Card	/kɑ:d/
Farm	/fɑ:m/

- \* O son /ʌ/ conséguese poñendo os órganos de fonación en posición de pronunciar un 'a' intentando entón pronunciar un 'ou'.

But	/bʌ t/
Cut	/kʌ t/

### Os sons /ɒ /, /ɔ:/

- \* O son /ɒ/ é máis relaxado que o 'o' galego e pronúnciase cos labios menos redondeados.

Hot	/hɒt/
Not	/nɒt/

- \* O son /ɔ:/ é máis longo que o anterior e pronúnciase cos labios un pouco máis pechados.

Ball	/bɔ:l/
Four	/fɔ:r /

## Vocabulary

**Agreement** : acordo  
**Application**: solicitude  
**Background** : antecedentes  
**Beg** (-ed): mendigar, suplicar  
**Bother** (-ed):molestar  
**Branch** : rama, sucursal  
**Bussiness** : negocio  
**Career** : carreira  
**Confidence** : confianza  
**Dismiss** (-ed): despedir, destituir  
**Employment**: emprego  
**Employee**: empregado  
**Give up** (pret. gave pp. given): abandonar, renderse  
**Haystack** : palleiro,  
**Headquartes** : cuartel xeral  
**Hint** : insinuación, sinal  
**Hopefully** : no mellor dos casos  
**Hunting** : caza  
**Improve** (-ed): mellorar

**Luck** : sorte  
**Needle** : agulla  
**Perseverance** : insistencia, perseveranza  
**Personnel manager**: xefe de persoal  
**Plentiful** : abundante  
**Policy** : política  
**Recruit** : recruta  
**Requirement** : requisito  
**Retirement** : xubilación  
**Sign up** (-ed): alistarse, matricularse  
**Successful** : exitoso  
**Take over** (pret. took; pp.taken ): tomar o control  
**Search out** (-ed): descubrir algo ou a alguén  
**Span** (-ed): estenderse, abranguer  
**Task** : tarefa  
**Shorthand** : taquigrafía